



DATOS IDENTIFICATIVOS

Lingüística: Lingüística xeral

Materia	Lingüística: Lingüística xeral			
Código	V01G400V01204			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	García-Miguel Gallego, José María			
Profesorado	Collazo Durán, Laura García-Miguel Gallego, José María			
Correo-e	gallego@uvigo.es			
Web				
Descrición	Este curso é unha introdución aos fundamentos da estrutura das linguas e aos principios teóricos e xeral metodolóxicos para a análise de datos lingüísticos			

Competencias de titulación

Código	
A5	Coñecemento dos conceptos e métodos da análise lingüística.
A8	Coñecemento das correntes teóricas e metodolóxicas da lingüística.
B2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
B4	Capacidade de xestionar a información.
B6	Habilidade para traballar de forma autónoma.
B7	Capacidade crítica e de autocrítica.
B8	Capacidade de análise e síntese.
B9	Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.
B10	Respecto pola ética profesional e, en particular, pola propiedade intelectual.

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Coñecer os fundamentos da estrutura das linguas	A5 A8	B2 B4 B6 B7 B8 B9 B10
Analizar datos lingüísticos	A5 A8	B2 B4 B6 B7 B8 B9 B10

Contidos

Tema

A linguaxe, as linguas e a lingüística	- Linguaxe e comunicación - As linguas e a súa estrutura - A lingüística: principais perspectivas teóricas e metodolóxicas da lingüística actual
Os medios da linguaxe	- Os sons da linguaxe (Fonética e Fonoloxía) - Linguaxe escrita, linguas signadas e outros medios de expresión
Gramática	- A estrutura das palabras (Morfoloxía) - Construcións e categorías gramaticais (Sintaxe)
Semántica	- O estudo do significado léxico e gramatical
Pragmática e análise do discurso	- Pragmática: o uso da linguaxe - Análise do discurso

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Sesión maxistral	23	23	46
Resolución de problemas e/ou exercicios	12	24	36
Traballos de aula	12	24	36
Probas de resposta curta	2	14	16
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	13	15

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación xeral da materia, da metodoloxía docente e dos procesos de avaliación
Sesión maxistral	Introdución aos conceptos e saberes relacionados coa temática da materia, apoiándose en lecturas complementarias e en comentarios e discusións na propia clase. Os alumnos semipresenciais deberán realizar as lecturas que se indiquen, e recibirán apoio complementario de profesores e compañeiros mediante plataformas dixitais.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Problemas e exercicios relacionados coa análise estrutural das linguas e a análise discursiva. Os alumnos semipresenciais deberán realizar os mesmos exercicios, en cantidade e calidade, que os alumnos presenciais, pero poderán entregalos por medios dixitais e recibir retroalimentación do mesmo xeito
Traballos de aula	Actividades destinadas a fixación, ampliación e aplicación dos conceptos básicos relacionados coa temática da materia. Os alumnos semipresenciais poderán realizar actividades equivalentes, en cantidade e calidade, e entregalas por medios dixitais. Rebirán retroalimentación tamén por medio das plataformas dixitais.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	As titorías individuais servirán para facer un seguimento de cada alumno. Os alumnos semipresenciais deberán acudir presencialmente a un mínimo de dúas sesións de titoría ao longo do curso.
Resolución de problemas e/ou exercicios	As titorías individuais servirán para facer un seguimento de cada alumno. Os alumnos semipresenciais deberán acudir presencialmente a un mínimo de dúas sesións de titoría ao longo do curso.
Traballos de aula	As titorías individuais servirán para facer un seguimento de cada alumno. Os alumnos semipresenciais deberán acudir presencialmente a un mínimo de dúas sesións de titoría ao longo do curso.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	Asistencia e participación nas clases teóricas e lectura dos textos complementarios que se indiquen. Os alumnos semipresenciais deberán demostrar que consultaron as lecturas complementarias e outros materiais que se lles indique.	10

Resolución de problemas e/ou exercicios	Realización correcta e en prazo dos problemas e exercicios que se propoñan ao longo do curso, tanto os realizados e entregados na clase como os entregados por medio de plataformas dixitais (esta posibilidade aplícase especialmente aos alumnos semipresenciais).	20
Traballos de aula	Realización correcta e en prazo dos traballos de aula que se propoñan ao longo do curso ou das actividades equivalentes que se propoñan aos alumnos semipresenciais para presentar a través das plataformas dixitais.	20
Probas de resposta curta	Resolución de cuestións breves sobre conceptos fundamentais da materia como parte dun ou dous exames presenciais. Os alumnos semipresenciais deberán realizar estes exames presencialmente	25
Resolución de problemas e/ou exercicios	Resolución de problemas e exercicios como parte dun ou dous exames presenciais. Os alumnos semipresenciais deberán realizar estes exames presencialmente	25

Outros comentarios sobre a Avaliación

Na segunda convocatoria os estudantes que non demostraran a adquisición das competencias previstas deberán realizar un exame global e ademais deberán presentar un dossier coas actividades e exercicios do curso que non chegaran a facer ou non fixeran correctamente.

A materia de exame inclúe, en calquera das modalidades, todas as lecturas consideradas obrigatorias, así coma os contidos teóricos e prácticos que capacitan para resolver problemas e exercicios e responder a probas de resposta curta.

As porcentaxes relativas de avaliación serán as mesmas que para a avaliación continua. Só como alternativa a actividades que pola súa natureza non se poden entregar por escrito, aumentará proporcionalmente o peso relativo do exame escrito.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía básica (da que se seleccionarán as lecturas obrigatorias do curso)

- Crystal, David (1994 [1987]). *Enciclopedia del lenguaje de la Universidad de Cambridge*. (Edición española dirixida por Juan Carlos Moreno Cabrera). Madrid: Taurus.
- Escandell Vidal, M^a Victoria (coord.) (2009). *El lenguaje humano*. Madrid: Ramón Areces.
- Escandell Vidal, M^a Victoria (coord.) (2011). *Invitación a la lingüística*. Madrid: Ramón Areces.
- Mira Mateus, Maria Helena e Alina Villalva (2006). *O esencial sobre lingüística*. Lisboa: Caminho.
- Ramallo, Fernando, Gabriel Rei Doval e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.) (2000). *Manual de ciencias da linguaxe*. Vigo:Xerais.
- Trask, Rober L. & Bill Mayblin (2010). *Lingüística: una guía gráfica*. Barcelona: Paidós.
- Yule, George (2007). *El lenguaje*. Madrid: Akal (3^a edición).

Recomendacións